



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DO ALCALDE

Vistas as bases reguladoras para a participación no “PROGRAMA BOLSEIROS DE VERÁN 2025” dirixidas a estudantes universitarios e ciclo superior de FP co fin de recoñecer e impulsar os seus estudos que foron aprobadas por Decreto da Alcaldía do 15 de maio de 2025 e publicadas na páxina web do concello nesa mesma data.

Resultando que a base 1ª das citadas reguladoras das axudas económicas sinala que o obxecto das mesmas é regular a convocatoria pública para a participación no “**PROGRAMA BOLSEIROS de VERÁN 2025**” que efectúa o Concello de Oza-Cesuras para estudantes universitarios e ciclo superior de FP, como acción de recoñecemento e impulso dos seus estudos. O programa terá unha duración estimada de dous meses.

A data de inicio será 1 de xullo do corrente ano, e a de fin en ningún caso será posterior ao 31 de agosto do 2025.

Resultando que a base 2ª das citadas reguladoras das axudas económicas sinala que para participar no dito programa deberán reunirse os seguintes requisitos:

“2.1- Estar empadroado ininterrompidamente no Concello de Oza-Cesuras cunha antigüidade mínima de seis meses. Esta circunstancia que deberá cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes, e será comprobada de oficio polos servizos municipais.

2.2- Ter estado matriculado en ensino universitario, ou ciclo superior de FP no curso 2024/2025. Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia da matrícula.

2.3.- Compromiso de continuidade de estudos no ano 2025/2026, agás que no curso 2023/2024 se estivese matriculado no último ano dos correspondentes estudos.

2.4.- Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 25 anos (ambos incluídos).”

Resultando que na base 5ª, indicase o prazo e documentación a xuntar ca solicitude

“5.1.- O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro 16 xuño de 2025.

5.2.- As solicitudes deberán formularse segundo o modelo oficial que figura como Anexo I dirixido ao Sr. Alcade do Concello de Oza-Cesuras, e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, telemáticamente na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o solicitante deberá remitir copia da solicitude





Concello de Oza-Cesuras

ao Fax 981 792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

Á solicitude deberá acompañarse os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude debidamente cuberto, no que se asinará unha declaración de que a documentación presentada concorda cos orixinais, que terá que ter no seu poder no prazo de catro anos para calquera comprobación que se lle requira.

- Documento acreditativo da personalidade (DNI, pasaporte, NIE)

- Resgardo da matrícula do curso 2024/2025.

- Certificado do núm. de conta bancaria a nome do beneficiario onde realizar o ingreso da bolsa.

- Certificado que acredite que carece de antecedentes penais por delitos sexuais.

- Agás que no curso 2024/2025 se estivese matriculado no último ano dos correspondentes estudos deberá achegarse compromiso de continuidade de estudos no ano 2025/2026 (Anexo II)

A Vista do informe de data 19/06/2024 emitido por D^a. Ana Belén Blanco Senra, encargada do Rexistro Xeral do Concello de Oza - Cesuras (A Coruña), os candidatos presentados foron os seguintes:

Nº REXISTRO	DATA E HORA	DNI	APELIDOS E NOME
2025-E-RE-489	15/05/2025 19:44h	***1858**	R. F., A.
2025-E-RE-490	15/05/2025 20:06h	***9923**	F. P., B.
2025-E-RC-2282	16/05/2025 08:53h	***7805**	G. F., N.
2025-E-RC-2302	16/05/2025 11:00h	***1890**	P. B., M.
2025-E-RC-2304	16/05/2025 12:18h	***0259**	O. B., L.
2025-E-RC-2305	16/05/2025 12:21h	***2401**	R. A., P.
2025-E-RC-2306	16/05/2025 12:21h	***0312**	D. F., P.
2025-E-RC-2464	27/05/2025 11:12h	***3486**	R. M., X.
2025-E-RE-644	08/06/2025 12:32h	***1813**	C. O., J.
2025-E-RC-2809	12/06/2025 11:07h	***8187**	F. O., A.
2024-E-RC-2852	13/06/2025 13:09h	***5702**	V. B., A.





Concello de Oza-Cesuras

A vista do informe de data 26/06/2024 emitido por M^a Carmen Vázquez Juncal, técnica de emprego do Concello de Oza-Cesuras no que se informa que:

“Que segundo o indicado nas BASES REGULADORAS PARA A PARTICIPACION NO “PROGRAMA BOLSEIROS de VERÁN 2025” DO CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS e CICLO SUPERIOR DE FP”, que:

1º.-Cumplen os requisitos indicados nelas os seguintes candidato:

Nº ORDE	DNI	APELIDOS E NOME
1º	***1858**	R. F., A.
2º	***7805**	G. F., N.
3º	***1890**	P. B., M.
4º	***0259**	O. B., L.
5º	***2401**	R. A., P.
6º	***0312**	D. F., P.
7º	49334862T	R. M., X.
8º	49918131N	C. O., J.
9º	49681871P	F. O., A.
10º	54157025Y	V. B., A.
11º	***9923**	F. P., B.

3º- A candidata F. P., B. con NIF***9923, non presenta toda a documentación indicada na base QUINTA apartado 5.2, polo que ocupa a derradeira plaza seguindo o indicado na base TERCEIRA da convocatoria “A selección será por rigorosa orden de inscrición sempre que as solicitudes estean completas e se acredite o cumprimento dos requisitos para participar en dito programa “

4º- A candidata G. F., N., con NIF: ***7805** presenta escrito por rexistro de entrada nº 2025-E-RC-3034 de data 20/06/2025, no que “solicito desistir a participación” no programa Bolseiros verán 2025.





Concello de Oza-Cesuras

Esta Alcaldía, en exercicio das facultades que legalmente lle corresponden,

RESOLVE:

Primeiro.-Seleccionar, quedando acreditada a idoneidade, como participantes, para o programa de bolseiros de verán 2025 ós **8 primeiros** candidatos que cumpren os requisitos indicados nas bases da convocatoria e achegan a documentación completa, ós seguintes candidatos:

<i>Nº orde</i>	<i>DNI</i>	<i>APELIDOS E NOME</i>
1º	***1858**	R. F., A.
2º	***1890**	P. B., M.
3º	***0259**	O. B., L.
4º	***2401**	R.A., P.
5º	***0312**	D. F., P.
6º	***3486**	R. M., X.
7º	***1813**	C. O., J.
8º	***8187**	F. O., A.

1. Durante o periodo comprendido entre o 01 xullo e o 29 de agosto de 2025 (ambos incluídos), de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas, para colaborar nas actividades de conciliación nas vacacións de verán 2025 no “Campamento Concilia 2025” a “

- a. ***1858** R. F., A.
- b. ***0259** O. B., L.
- c. ***2401** R.A., P.
- d. ***0312** D. F., P.
- e. ***3486** R. M., X.
- f. ***1813** C. O., J.





Concello de Oza-Cesuras

2. Durante o periodo comprendido entre o 01 xullo e o 29 de agosto de 2025 (ambos incluídos), de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas, para colaborar nas actividades do centro social de maiores, a:

a. ****1890** P. B., M.

b. ***8187** F. O., A.

Mandouno e asinao o Sr. Alcalde Don José Pablo González Cacheiro, en Oza-Cesuras na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

